


Sr./Sra. Director/a:



Con esta comunicación infórmase de que xa están dispoñibles as puntuacións provisionais obtidas na convocatoria de Producción de Transferencia do ano 2015. O persoal investigador poderá consultar a avaliación provisional dos seus méritos de Producción de transferencia no SUXI-XC 3.0.

### **Reclamacións á Avaliación Provisional**

As reclamacións a esta avaliación provisional deberán realizarse a través dos departamentos utilizando o formulario correspondente a través de calquera dos catro Rexistros oficiais da Universidade de Vigo.

Xunto co formulario poderase achegar documentación acreditativa se o persoal investigador o considera necesario para acreditar ás reclamacións.

Os departamentos deben presentar as reclamacións mediante rexistro aínda que se pode adiantar por correo electrónico ao enderezo [basetransferencia@uvigo.es](mailto:basetransferencia@uvigo.es).

O prazo de presentación de reclamacións estará aberto ata o próximo **venres, 2 de xuño de 2017**.

As reclamacións serán revisadas polos servizos administrativos da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, e avaliadas pola Comisión de Investigación de ser necesario. Posteriormente, corríxirase a clasificación dos méritos que o requiran na aplicación informática, procedéndose á corrección das puntuacións dos méritos.

Unha vez realizadas as correccións comunicarase que está dispoñible a Avaliación definitiva.

*Importante: Non existirá unha comunicación expresa a cada investigador ou investigadora sobre o resultado da avaliación definitiva, xa que a notificación faise ao departamento. Se recomenda que antes de realizar as reclamacións se consulte o seguinte apartado: incidencias máis comúns.*

### **Incidencias máis comúns**

Co obxecto de facilitar a análise das puntuacións e o proceso de reclamacións, lémbrense a continuación algún aspectos, contemplados nos criterios de avaliación da convocatoria da produción de transferencia en relación aos cales foron detectadas incidencias nos méritos presentados:

## **Incidencias xerais**

- Non se consideran aqueles méritos nos que a documentación sexa confusa o insuficiente.
- Os méritos duplicados foron puntuados só unha vez. Cando a mesma contribución fora presentada varias veces, soamente se puntúa unha.
- Cada actividade soamente pódese valorar como un mérito, non sendo posible valorar varios méritos dunha soa actividade.
- Soamente se teñen en conta os méritos correspondentes ás actividades desenvolvidas no ano 2015.
- Non se consideran aqueles méritos que non foron debidamente validados polos departamentos.

## **Incidencias por apartados**

- (A)- Para que os méritos do capítulo de proxectos, colaboracións e convenios con empresas se poidan puntuar deben acadar a cantidade mínima de 10.000 euros para cada un dos apartados do capítulo.
- (E)- Para valorar os resultados da creación artística debe acreditarse a mención á Universidade de Vigo así como a evidencia da obra.
- (I)- Algúns méritos do apartado I- Actividades de Transferencia social, cultural e educativa se valoran con cero puntos cando se supera o límite máximo neste apartado (na convocatoria se especifica que a nota máxima que se pode obter neste apartado completo será de 20 puntos).
- (I.1)- Soamente se teñen en conta cando o investigador levou a cabo tarefas de coordinación ou organización, nunca se valora como mérito de produción a participación como poñente, docente, coordinador de mesas de debate e similares.
- (I.2)- Unicamente se valoran informes non remunerados, o investigador debe acreditar que esta actividade de representación non ten carácter lucrativo, en caso de que non o faga este mérito non se valora. O persoal investigador poderá achegar na reclamación dos méritos non valorados neste apartado a documentación que acredite que o traballo realizado non foi remunerado.

Calquera consulta sobre a avaliación provisional pode ser efectuada ao correo [basetransferencia@uvigo.es](mailto:basetransferencia@uvigo.es).

Vigo, 28 de abril de 2017

A Vicerreitora de Investigación e Transferencia

María Asunción Longo González

